

BLANCO RAMOS, Carmen (2016): *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963)*. Vigo: Xerais (Crónica), 148 pp.

O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963) (2016) constitúe o primeiro monográfico sobre o fenómeno do volframio en España. Que isto sexa así resulta sorprendente pola magnitude do caso, pero ten un sentido especial; por unha banda, porque foi precisamente en Galicia onde estaban as minas máis importantes deste mineral, e, por outra, porque a súa autora, Carmen Blanco Ramos, é orixinaria desta vila, Santa Comba de Xallas, ao pé de onde, hai 76 anos, comezou a construción da famosa explotación mineira. Así, *O volframio en Varilongo* foi unha empresa abordada por unha autora coterránea ao fenómeno e con certa experiencia na escrita, pois Carmen xa tiña participado na publicación de artigos en diversas revistas literarias e académicas, como *Madrygal*, e en obras conxuntas, entre as que destacan *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa* (2002) ou *Ex toto corde. No oitenta aniversario de don Xesús Alonso Montero* (2009). Tampouco *O volframio* constituiu a súa primeira obra individual, pois antes desta veu ao mundo a novela *A golpe de dor* (2002).

O volframio en Varilongo é a primeira obra da autora a cargo de Edicións Xerais, incluída na colección “Crónica”, o que lle imprime o selo estético característico da editorial. Así, a portada ten unha carga simbólica importante que, de feito, adianta o tratamento que *a posteriori* se fará no ensaio: nela hai un globo de cor gris cun fondo de liñas vermellas, que configuran o mapa topográfico real da zona de Varilongo, e catro tanques na marxe dereita; todo isto partindo da palabra “MEMORIA”, en maiúsculas. Tamén a contraportada sinala deica aquilo que o libro comprenderá, pois a fotografía da autora vai acompañada dun comentario de Xesús Alonso Montero, que é o redactor do prólogo do libro, relativo a Carmen e á súa obra. Nas 148 páxinas do volume

hai, pois, e seguindo a orde de aparición, un prólogo escrito por Alonso Montero, unha Introducción, os Agradecementos, nove apartados que constitúen o corpo da monografía, un conxunto de fotografías, a bibliografía e finalmente o índice.

O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963) é, a grandes rasgos, un intento de abordar a partir de diferentes puntos de vista a historia do “ouro negro”: dende o seu auxe á súa desaparición. Non se trata dun escrito científico, pois, deixando á parte os detalles minerolóxicos, Carmen analiza as implicacións da explotación do volframio na sociedade galega, española e estranxeira, así como as consecuencias económicas e políticas, sanitarias, etc. Recorre a múltiples documentos, pero especialmente ás entrevistas realizadas aos veciños de Santa Comba de Xallas e arredores, moitos dos cales estiveran na mina ou, polo menos, en contacto estreito con aqueles que si traballaran alí. Este método de estudo e o xeito de presentalo no libro fan da investigación realizada pola autora un achegamento diacrónico ao fenómeno, xa que o lector penetra no proceso a tratar dende dentro, pero ademais é guiado paso a paso e cronoloxicamente, de maneira que vai comprendendo o desenvolvemento e as súas implicacións a medida que a explotación do volframio se foi estendendo.

Carmen Blanco Ramos dá voz a un territorio de Galicia e a un problema que debe ser coñecido fornecendo rexistros, datas, información económica e xurídica das empresas..., pero faino, especialmente, outorgando a voz a persoas como entes individuais. O libro está cheo de intervencións dos veciños de Varilongo e arredores, os verdadeiros protagonistas do libro e do fenómeno do volframio, ata o punto de compoñeren unha especie de

coro testemuñal da Historia. Esta tendencia á escoita parte dende o prólogo, no que Alonso Montero fala de Carmen e do libro pero, sobre todo, da súa experiencia de neno na busca do mineral, cando ía á “roubeta”. Alonso Montero, dende a súa historia persoal, abre a porta ás páxinas seguintes, polas que o lector entra en contacto cos galegos partícipes do proceso, de tal modo que resulta imposible afastarse do que Carmen quere contar. É un libro que crea testemuñas.

Cabe salientar así mesmo a boa organización por seccións do curso da explotación da mina, organización que coincide coa división por capítulos do libro. Cada un profundiza nunha temática, co propósito de que a visión xeral sexa o máis completa posíbel. Así, a primeira parte, que obedece ao título de “Contextualización necesaria”, é unha toma de contacto co volframio a nivel mundial e nacional no período de entreguerras do século xx. A continuación, Carmen fai un repaso cronolóxico e minucioso polo comezo (segundo capítulo: “1941: o inicio dun soño”), o desenvolvemento (terceiro capítulo: “1942-1945: o soño”, dividido nas partes “Compañía Minera Celta S. A.”, “Formas de explotación”, “Traballos e días da mina”, “Formas de vida”, “Praza de Varilongo”, “Rexistros”, “*Tajos* mineiros” e “Coristanco, satélite da Braña de Varilongo”) e o fin do proceso (sétimo capítulo: “1945-1963: fin do soño”, que inclúe un apartado adicado á “Repercusión da mina en Santa Comba”). A atención prestada ás persoas implicadas non se cingue a darlles voz: hai capítulos enfocados a casos persoais. Así, a cuarta sección leva o título de “Presos políticos”, moitos dos cales foron forzados a traballar na mina; e o quinto titúlase “Os Liste: unha saga en Varilongo”, pois presenta aos integrantes desta familia, todos eles familiares do famoso republicano Enrique Liste, que atoparon traballo na mina

nos escuros anos 40. Polo contrario, o sexto capítulo está centrado no responsábel da explotación, Ildefonso Fierro. Ao ter en conta a persoeiros con distintos papeis en Varilongo, o libro achega unha visión moi ampla do asunto. Os dous últimos capítulos teñen que ver tamén coas implicacións da explotación de Varilongo, mais, sorprendentemente, dende un punto de vista artístico. Son as “Cantareas da mina”, cantares populares de transmisión oral organizados polas temáticas “Amor”, “Traballo”, “Lugares” e “Burla”, e “Volframio literario”. Isto, ademais de pechar o libro dun xeito fermoso, ten un valor cultural incomparábel. Coas “cantareas”, Carmen recolle un legado oral que é probábel que doutro xeito se perdese e amosa, xunto co capítulo seguinte, o impacto que tivo o tema do volframio ata o punto de ter sido literaturizado.

O volframio en Varilongo é un libro interesante e entretido, pero esencialmente é valioso. A análise feita nesta recensión trata de xustificar a súa calidade e o calibre da súa valía, pero non pode chegar ao seu fin sen relacionar o traballo de Carmen Blanco Ramos coa recuperación da memoria. O ensaio comeza cuns versos de Víctor Campio (“A memoria é un sol desenterrado/ que nos ceiba da noite, que regresa/ –ave fénix– da cinza e atravesa/ de luz a escuridade do pasado”) e, aparentemente, pecha cunhas fotografías dos mineiros, da paisaxe e da mina, do pasado e do presente. Aparentemente, pois en realidade pecha cos mesmos versos, sen necesidade de volver escribilos: *O volframio en Varilongo* desenterra a memoria para dar luz sobre unha historia recente, para salvarnos do esquecemento.

María Isabel GÓMEZ RODRÍGUEZ
 Universidad Complutense de Madrid
 mgomez16@ucm.es